

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2022035034
ASUNTO	Composición Mesa de Contratación Permanente da Deputación de Pontevedra.
TRÁMITE	Actualización da composición da Mesa de Contratación Permanente.

PMC/cpv

A Presidencia, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN.

A Deputación de Pontevedra, para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais, precisa a tramitación continua de procedementos de contratación, para os que debe observar, como Administración contratante do Sector Público, as esixencias previstas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP).

Segundo o artigo 326 LCSP, agás no caso en que a competencia para contratar corresponda a unha Xunta de contratación, nos procedementos abertos, aberto simplificado, restrinxidos, de diálogo competitivo, de licitación con negociación e de asociación para a innovación, os órganos de contratación das Administracións Públicas estarán asistidos por unha Mesa de contratación.

A disposición adicional segunda da LCSP, no seu apartado 7, establece que a Mesa de contratación estará presidida por un membro ou un funcionario da Corporación, e formarán parte dela, como vogais, o secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control económico-orzamentario, así como aquel outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supor máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como secretario un funcionario da Corporación. A composición da Mesa publicárase no perfil de contratante do órgano de contratación correspondente.

Por Resolución Presidencial número 2023006534, de data 25 de agosto de 2023, creouse unha Mesa de contratación de carácter permanente na Deputación de Pontevedra, como órgano de asistencia aos seus órganos de contratación en todos os procedementos de contratación nos que resultase preceptiva ou se decida a súa constitución. A súa composición actualizouse por Resolución Presidencial número 2024001209, de data 9 de febreiro de 2024.

Visto que mediante escrito de data 14 de abril de 2024 (Rexistro entrada WEB2024024728), D. José Carlos López Campos comunica a súa renuncia ao cargo de Deputado Provincial.

Asemade, o funcionario D. Juan Gabriel Fernández García de la Rocha é substituído como xefe do servizo de Novas Tecnoloxías polo funcionario D. Damián Rey Rodríguez.



Tendo en conta que dita persoa era o Presidente da Mesa de Contratación Permanente, faise necesario actualizar novamente a composición da Mesa.

Á vista do exposto, tendo en conta a disposición adicional segunda da LCSP; os artigos 34.1.o) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 105.1.r) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, que atribúen á Presidencia o exercicio daquelas competencias que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asigne á Deputación e non estean expresamente atribuídas a outros órganos, **RESOLVO**:

- 1) Actualizar a composición da **Mesa de contratación permanente** da Deputación de Pontevedra, creada mediante Resolución Presidencial número 2023006534, de data 25 de agosto de 2023, e rectificada mediante Resolución Presidencial número 2024001209, de data 9 de febreiro de 2024, pola renuncia ao cargo de Deputado do Sr. D. José Carlos López Campos, e a designación do novo xefe do servizo de Novas Tecnoloxías, quedando conforme ao seguinte:

Presidenta/e:	D^a. María Pilar Ramallo Vázquez, deputada do grupo provincial do PP. Suplente 1: D ^a . María Isabel Couselo Torres, deputada do grupo provincial do PP. Suplente 2: D. Marcos Guisasaola Padín, deputado do grupo provincial do PP.
Vogais:	D^{na}. María Ortega Iñarrea, deputada do grupo provincial do BNG. Suplente 1: D ^a . María Manuela Rodríguez Pumar, deputada do grupo provincial do BNG. Suplente 2: D ^a . Beatriz Lomba Rodríguez, deputada do grupo provincial do BNG.
	D. Gregorio Agis Gómez, deputado do grupo provincial do PSOE. Suplente : D ^a . Ana Laura Iglesias González, deputada do grupo provincial do PSOE.
	D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral. Suplente: D. Manuel Carramal Silva, técnico de Administración xeral da Secretaría.
	D. Antonio Graña Gómez, Interventor. Suplente 1 ^a : D ^a . Susana Escaloni Varela, Viceinterventora. Suplente 2 ^a : D ^a . Inés Vereterra Gutiérrez-Maturana, xefa do servizo de Fiscalización e Asesoramento.
	D. Francisco Alonso Fernández, xefe dos Servizos Técnicos do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais. Suplente: D. Jaime David Ruibal de Sola, xefe de sección de Proxectos do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
	D. Gabriel Rodríguez Alonso, xefe do servizo de Asistencia Intermunicipal. Suplente: D. Damián Rey Rodríguez, xefe do servizo de Novas Tecnoloxías.
	D. José Antonio Gulías Varela, técnico de xestión do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio. Suplente: D ^a . Carmen de Peña Vidal, técnica de administración xeral do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.



	<p>D^a Yolanda Lois Peón, técnica de xestión documental do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio. Suplente: D^a Fátima Monteagudo Pereira, técnica de xestión do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.</p>
Secretaria/o:	<p>D. Pablo Montero Carrera, xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio. Suplente 1º: D. Antonio Torrón Casal, técnico adxunto á xefatura do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio. Suplente 2ª: D^a. Carmen Fraguas Sarrapio, técnica de xestión do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.</p>

- 2) Ordenar a súa publicación no *Perfil do Contratante* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público.
- 3) Substituír as Mesas de contratación constituídas, para os procedementos de contratación aprobados que se atopan en fase de licitación ou pendentes de adxudicación, pola nova Mesa de contratación permanente.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen perxuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Asinado dixitalmente ao marxe.

CONTRATACIÓN.- MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE

